

URBANISMO EN GALICIA

1. INTRODUCCIÓN: URBANISMO E POLÍTICA

2. PROBLEMAS HISTÓRICOS DO URBANISMO GALEGO

O DESEÑO HISTÓRICO NUNHA TERRA FÉRTIL E DE DIFÍCIL OROGRAFÍA

O URBANISMO CENTRALISTA E O "DESARROLLISMO" DOS ANOS 60

ETAPA FRANQUISTA

A INEXCUSABLE FALLA DE CONCRECIÓN NA DEMOCRACIA

3. PROBLEMAS ACTUAIS DO URBANISMO EN GALICIA

4. URBANISMO TERRITORIAL LEI DO SOLO E DOT

LEI DO SOLO

DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO (DOT)

AREAS METROPOLITANAS

CIDADES

VILAS E ALDEAS GALEGAS

ALDEAS E COMARCAS

5. REDE DE INFRAESTRUCTURAS (ESTRADAS, TRENS, PORTOS E AEROPORTOS)

6. PROBLEMAS LEGAIS, ADMINISTRATIVOS E DE XESTIÓN

7. PROPOSTAS E SOLUCIÓNS

1. INTRODUCCIÓN: URBANISMO E POLÍTICA

Poucas ciencias están tan estreitamente vencelladas á lexislación e á política coma o urbanismo. De tal xeito que en moitas ocasións da historia o mellor urbanismo tense realizado en períodos totalitarios ou directamente dictatoriais (O París de Napoleón, A Roma dos Papas, A Rusia dos Zares e a época comunista, O Madrid dos Austrias, ou mesmo o plan Cerdá de Barcelona imposto dende o goberno central). Isto reflexa que o urbanismo complícase moito en períodos democráticos e require dunha lei clara e dun sistema de execución implacable. Principios que xa están dentro dos propios principios liberais de dereito á propiedade privada e aplicación dunha xustiza universal.

Ao mesmo tempo o urbanismo ten que ser un motor para o desenvolvemento económico e non o revés, é dicir, que o desenvolvemento económico marque un urbanismo pouco meditado e cortoplacista como aconteceu en Galicia.

Un boom económico importante sumado a una falla de planificación supón sempre e en todo lugar una gran desfeita urbanística. Isto ven acontecendo dende o comenzo da revolución industrial en diferentes partes do mundo e ocorreu desgraciadamente en Galicia. Por outra banda unha regulación excesiva e pouco flexible como a de hoxe dificulta enormemente a capacidade natural dunha sociedade e dunha economía de atopar as mellores solucións en cada momento que a cidade e o territorio requiren.

2. PROBLEMAS HISTÓRICOS DO URBANISMO GALEGO

O DESENROLO HISTÓRICO NUNHA TERRA FÉRTIL E DE DIFÍCIL OROGRAFÍA

Como é ben sabido, as especiais condicións climatólxicas e ambientais de Galicia favoreceron dende os primeiros tempos dos que temos constancia da ocupación deste territorio o espallamento en pequenos núcleos rurais. Ningún outro sitio de España ten una ocupación semellante do seu terreo, nen sequera a cornixa cantábrica. A día de hoxe, Galicia conta coa metade dos núcleos rurais de toda España. A pesares dise aparente desorde o certo é que Galicia é un dos territorios de Europa artellado dende hai máis tempo gracias ao reino Suevo de Galicia que alá polo século V (pode que sexa mesmo anterior) organizou o territorio en parroquias, aldeas e vilas.

O URBANISMO CENTRALISTA E O "DESARROLLISMO" DOS ANOS 60

Dous fenómenos principalmente van ser xerme das actuais cidades Galegas. Por unha banda a redistribución de España en provincias coas súas capitais A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, trala ocupación napoleónica imitando o esquema centralista francés e que trataba de escapar da organización tradicional do territorio galego, e segundo a partir da revolución industrial prodúcese en tódolos países desenvolvidos un fenómeno de atracción de poboación dende o campo cara ás zonas industriais que en Galicia será principalmente na costa (casos de Coruña, Ferrol e Vigo principalmente).

A mediados do século XIX con cambios políticos e revolución industrial trázanse as primeiras leis contemporaneas sobre regulación urbanística en España, os "Planos geométricos de poblaciones 1846" e "las leyes de ensanche de 1864, 1876, 1892"

Das antigas vilas medievais galegas nadas sobre vilas romanas ou castros, pasamos dende a primeira constitución Española "A Pepa" ás cidades e provincias coa súa capitalidade de provincia que restarán forza a antigas vilas con catedrais coma Mondoñedo ou Tui, ou cidades costeiras puxantes coma Ribadeo e darán un gran pulo á concentración en capitais administrativas de cada provincia. Coa revolución industrial, se potenciará o crecemento de zonas portuarias como Vigo, A Coruña ou Ferrol (nas

tres proxectaráanse ensanches urbanísticos decimonónicos), ademáis dos portos tradicionais pesqueiros das rías altas e as rías Baixas. Ise crecemento foi ben controlado polos distintos concellos de Galicia xa que nin a presión era excesivamente alta nin os medios técnicos permitían causar grandes destrozos. Non hai máis que botarlle un ollo os plans urbanísticos de cidades como a Coruña do ano 1933, onde, lembremos, non había outra cousa que a zona vella, os cantóns, o ensanche e a cidade xardín.

- ETAPA FRANQUISTA

En Vigo abortado o excelente Plan Palacios de 1934

Lei sobre réxime do solo e ordeación urbana do 1956

Plan ordeación urbana do 1970

Os maiores destrozos urbanísticos producíronse durante o Franquismo, especialmente no "desarrollismo" dos anos 60. A especulación urbanística e o desenvolvemento sen un marco xurídico axeitado levaron á solucións improvisadas de consecuencias nefastas. O fronte marítimo do Orzán na Coruña e do Porto de Vigo, ambos os dous feitos gañando terreo ao mar son bós exemplos do que non se debía ter feito. Desgraciadamente, abundan en tódalas capitais galegas e en tódolos concellos cun certo desenrolo neses anos os exemplos dos problemas que conleva una falla de programación urbanística axeitada ás necesidades específicas dunha rexión. A zona nova de Santiago, Os barrios da Coruña (Monte Alto, Os castros, A Falperra, Ronda de Nelle, case que todo Vigo, Ferrol, Lugo, Pontevedra e Ourense afogando os seus cascos históricos nestes tres últimos casos) En cidades coma Ferrol ou Santiago todavía existen vivendas sociais no centro das cidades a carón do barrio da Magdalena e no centro do ensanche en Santiago (praza bermella). Ademáis de vilas especialmente danadas como Carballiño, Monforte, Vilalba, Ordes, Cee, Burela que medraron a saltos a base de polígonos residenciais e vivendas sociais con escasísima ordeación plantexados dende o goberno central ou por mediocrea alcaldes sen atender ao potencial específico da nosa topografía.

Curiosamente en España nas mesmas datas desenroláronse cascos modernos e ensanches como os de Salamanca, Cáceres, Zaragoza, Sevilla, Córdoba con amplas avenidas principais que cortan un tecido de rúas secundarias e edificios residenciais algo máis masificado pero sempre lonxe das densidades acadadas nos barrios das nosas cidades.

Por qué en Galicia non?

Polos problemas que decíamos antes, a orografía máis complicada e sobretudo polo minifundismo e a dificultade de xuntar terreos grandes dabondo por mor da excesiva atomización na propiedade do terreo. Mesmo as dificultades de atopar aos lexítimos propietarios destes terreos

debido a emigración. A negativa dos galegos a desprenderse das súas propiedades o desinterese político, a ausencia dunha potente burguesía autóctona...

Todos estes exemplos evidencian que o intento de aplicar unha única planificación urbanística para un país tan heteroxéneo como España conleva un gran caos urbanístico.

A INEXCUSABLE FALLA DE CONCRECIÓN NA DEMOCRACIA

As concentracións parcelarias, pódense considerar como o único grande esforzo en materia de ordeación do territorio que se ten feito na, xa non tan curta, etapa democrática. Que a Lei do Solo non se aprovase ata o 2002 e que a día de hoxe aínda non se teña posto en práctica nin nun 50% indica unha deixadez política que todos os galegos estamos pagando día a día. A Xunta de Fraga cun mal entendido liberalismo do "vale todo" propiciou o agravamento do feísmo arquitectónico no medio rural.

Gravísimo é o desenvolvemento especulativo desenvolvido dende o concello con intereses persoais moi típico nos concellos galegos e no que o máximo exponente a día de hoxe é A Coruña de Paco Vázquez. Despois de 20 anos no goberno deixa unha cidade chea de centros comerciais nas aforas que arruinan o comercio local e provocan a aparición de barrios marxinais como había moito tempo que non se veían en Galicia.

3. PROBLEMAS ACTUAIS DO URBANISMO EN GALICIA Lei do Solo e DOT

LEI DO SOLO

Dende o 2002 temos una planificación urbanística propia para xestionar o solo de Galicia, a Lei do Solo. O texto é moi valioso e chega, por desgraza para nós, con moito atraso. O marco legal que define é dabondo como para comenzar a traballar, o problema que temos é, precisamente, a súa falla de aplicación. Aínda hoxe hai unha grande parte dos Concellos de Galicia que non teñen plans adaptados á Lei do Solo (situación inadmisíbel e inxustificable) e podemos dicir sen medo a equivocarnos que en moitos destes Concellos se teñen feito as maiores desfeitas urbanísticas de Galicia apoiadas en plans desfasados e en vellas Normas Subsidiarias. Temos moi numerosos e famosos casos na Mariña Lucense i en case que toda a costa galega na que únicamente foi o estourido da burbulla inmobiliaria a que freou a súa destrucción total.

Na Lei do solo non nos serven os instrumentos administrativos encargados de levala adiante en cada municipio, os propios concellos. Hai unha gran corrupción na redacción dos plans, nos repartos dos polígonos residenciais, foméntase a prevaricación e o tráfico de influencias onde un par de estudos de arquitectura e urbanismo redactan polígonos para tódolos concellos sen esforzarse en estudar mínimamente os casos. Tamén hai casos de arquitectos, promotores e constructoras que

conseguen ises mellores polígonos a base de sobornar aos alcaldes e técnicos municipais.

Requírese unha oficina independente para xestión e deseño dos plans dotada de sistemas anticorrupción.

DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO (DOT)

As DOT son as directrices de ordeación do territorio, documento imprescindible para artellar calquer país. O feito de que a día de hoxe aínda non estean aprovadas en Galicia amosa ás claras que o interese dos partidos nos gobernos galegos nunca foi o de facer de Galicia un gran país se non un montón de concellos independentes entre sí e dependentes do goberno central e dos seu sistema de subvencións.

Nestas DOT Galicia quedaría artellada do seguinte xeito:

- AREAS METROPOLITANAS

En Galicia hai a día de hoxe dúas áreas metropolitanas que se están a conformar día a día e que precisan dunha ordeación superior que integre e coordine as súas áreas de influencia. Unha é a area de Coruña-Ferrol e outra a de Vigo-Pontevedra.

As dúas veñen ben definidas nas DOT aínda que na miña opinión aínda hai moito que afondar no seu estudo e coñecemento para conseguir a súa máxima optimización.

En ámbalas dúas haberá que estudar moi ben o tema dos desprazamentos porque por todos é coñecido os problemas de atascos que se producen entra as catro cidades, especialmente entre Vigo e Pontevedra.

Recomendo o estudo dunha vía de metro lixeiro, limpa, puntual e económica para reducir o transporte en coche ao máximo. Ista liña debería de ir ao par da liña de costa preto dabondo para facilitar tamén o transporte aos turistas para o uso e disfrute das praias no verán e lonxe dabondo como para non afean a imaxe da costa nin ocupar espazos públicos que se deben liberar por atrás das praias. Sería recomendable unha distancia de uns 400mts dende a liña que debuxa a marea alta e sempre buscando a máxima eficiencia económica.

- CIDADES

Nas cidades históricas, especialmente no caso de Santiago, haberá que coidar moito de que o seu principal valor que é o seu casco histórico sexa explotado ao máximo en proveito de todos e non duns poucos particulares. Nos últimos anos en Santiago tense levado unha política especulativa nos inmobles do casco vello que agora ten como resultado

unha zona vella moito máis morta e menos atractiva e rendible que hai uns anos.

Como feito positivo destacar o papel que leva feito o Consorcio na recuperación de espazos urbanos próximos a zona vella ampliando a máis partes da cidade a maxia desta e a proliferación dos parques e zonas verdes que teñen feito mellorar moito o aspecto e a habitabilidade da capital de Galicia. Convertíndoa sen lugar a dúbidas na cidade máis atractiva de Galicia, a única que se pode amosar a nivel turístico internacional e nun lugar ideal para vivir. Cabe sulñar o papel que tivo o ex alcalde de Santiago Xerardo Estevez (arquitecto) que dada a súa formación soubo organizar a cidade con boa visión de futuro. Aínda que sendo político, e técnico a súa intervención non foi o transparente que sería desexable. Iste exemplo amosa ás claras que o planemento urbanístico ten que estar en mans de técnicos e fora dos concellos ademáis de estar dotados de medidas anticorrupción.

Coma reto novo nas cidades hai que ter moi en conta a eficiencia enerxética, a ecoloxía e todos os novos problemas que conleva o novo contexto económico no que estamos entrando. Eu recomendaría non estar pechado a ningún tipo de novo plantexamento edificatorio como pode ser a edificación en grandes alturas co gallo sempre de conseguir a maior eficiencia do inmobile e da cidade e sen descoidar a estética por suposto. Haberá que facer que as nosas vilas sexan paseables a pé e en bicicleta.

- VILAS E ALDEAS

Debido as grandes diferenzas existentes no nivel de conservación do patrimonio das distintas vilas e aldeas galegas, coido que non se debe plantexar unha resposta nos plans de mellora e de futuro desenvolvemento delas. Clasificar as vilas e aldeas segundo á súa importancia arquitectónica entre as que hai que recuperar e manter e as que hai que reformar debido ao seu nulo interese patrimonial na actualidade. Sendo moi coidadoso e restrictivo nas que hai que conservar facendo máis ben tarefas de destrucción e sendo moi aberto a novas propostas nas que hai que mellorar. No primeiro grupo estarían os tres cascos históricos máis grandes e importantes como son Tui, Mondoñedo e Betanzos nos que habería que invertir e coidar. Vilas como Allariz, Muros, Corcubión, Combarro, Pedrafita do Cebreiro...

No segundo grupo entrarían O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Xinzo, Verín, Marín, Cee, Arteixo, Vilalba, Monforte, Chantada, Burela, Fisterra, clasificados coma irrecuperables como vilas tradicionais.

- COMARCAS

En determinadas zonas de Galicia como Ourense e Lugo as comarcas seguen a ter moito sentido. A necesaria austeridade económica das administracións debería pasar pola supresión de concellos que nestas zonas poderían voltar a quedar sintetizadas nas cabezas de comarcas.

Nelas habería que atender a outra parte importantísima do urbanismo galego, o solo rústico e a súa riqueza paisaxística. Tentar de darlle de novo rendibilidade ao campo aínda que só sexa dentro dun plan de volta á subsistencia. Coidado dos parques naturais, da rede natura da fauna, recuperación das leiras que sirvan para o traballo, recuperación da gandeiría na medida do posible. Recuperación da vexetación tradicional. Protección contra o lume etc.

5. REDE DE INFRAESTRUCTURAS (ESTRADAS, TRENS, PORTOS E AEROPORTOS)

Na etapa de recesión económica na que nos atopamos é fundamental reparar máis que nunca no gasto que se fai. As infraestructuras que se fan téñense que reprimonar en función da súa rendibilidade económica. Os dispendios que tan alegremente se fixeron na etapa anterior en aeroportos (caso especialmente sangrante en Galicia por culpa das ambicións localistas de algúns políticos irresponsables), os portos, as liñas do AVE ou mesmo as estradas e autoestradas. Galicia ten unha excelente rede secundaria e terciaria de estradas e a día de hoxe unha máis que boa rede de autoestradas e autovías. Non se pode pretender que cada concello de Galicia teña acceso por tren e autovía, iso entra dentro do oportunismo localista e non no intento desinteresado de construír un país.

6. PROBLEMAS LEGAIS, ADMINISTRATIVOS E DE XESTIÓN

A normativa vixente en materia de urbanismo en Galicia é dabondo a día de hoxe. O que falla claramente é a súa aplicación e xestión. Independentemente de que se deba de configurar aínda uns plans especiais de conservación e ordeación das rías co fin de consolidar os espazos verdes públicos e de controlar ferreamente as densidades edificatorias nelas, e que eu integraría nos propios plans urbanísticos das distintas comarcas, a lexislación urbanística vixente serviría de instrumento xurídico para artellar ises novos plans.

O problema o atopamos a cotío na xestión deses plans. A especulación do chan e as plusvalías dos concellos, o propio e pernicioso sistema de financiamento dos concellos, a corrupción política na redacción dos plans e dos SUNPS, SUPS, SUDS, etc ou mesmo na tramitación de licenzas ralentizando unhas e axilizando outras etc, son atrancos dabondo como para amosar as claras as eivas do noso sistema político actual no tocante á xestión do solo.

Unha vez máis poño como exemplo o modelo británico no que unha oficina de urbanismo xestiona e estudia todos e cada un dos proxectos que se van realizar. Sería un modelo semellante ao consorcio de Santiago pero bastante máis protexido contra a corrupción.

Habería varias oficinas de urbanismo por todo o país, coido que para un territorio como Galicia podería haber cinco para cada un dos grandes núcleos urbanos e por distancia posiblemente tres máis para o interior de

pontevedra, o interior de Ourense e a costa lucense tendo en conta que moitas das consultas vanse realizar por internet.

No caso de querer facer a visita física á oficina, sería recibido por un técnico (arquitecto sempre non coma no Reino Unido que é un funcionario) que á súa vez lle transmitirá a idea do proxecto a outros 9-10 técnicos que evaluarán a viabilidade do proxecto por maioría. Iste grupo de técnicos deberían de ser elixidos periodicamente entre os distintos arquitectos da rexión, especialmente entre os arquitectos máis novos recién saídos da escola. No consorcio sempre hai varios facendo as prácticas. Isto axudaría á integración dos novos técnicos no mercado laboral e incorporaría as máis vangardistas correntes arquitectónicas ao noso urbanismo e construción en xeral.

Deste xeito se eliminaría á posibilidade de presionar aos técnicos nos concellos e se eliminaría a corrupción urbanística. No reino Unido o modelo funciona con gran éxito.

Habería que reducir a burocracia, tamén no Reino Unido se simplificou o trámite burocrático bastante recaendo a responsabilidade da execución nun seguro obrigatorio. Alí non hai practicamente nin plantexamento urbanístico e a responsabilidade cae directamente sobre a persoa física que responde co seguro. Así que o seguro se encarga de cuantificar o risco da operación.

O que ven sendo inadmisíbel é o período de resposta que demoran os concellos, unha vez máis existe lexislación dabondo xa que a lei dí que os concellos teñen tres meses para responder afirmativa ou negativamente pero estes prazos incúmplense sistemáticamente.

A xestión eficiente do urbanismo redonda automaticamente en beneficio económico para todos.

7. PROPOSTAS E SOLUCIÓNS

Propostas e posibles solucións ao deficiente tratamento do urbanismo galego dende a industrialización mirando cara o futuro:

1. desvincular o urbanismo dos concellos e mesmo da clase política na medida do posible creando un organismo dirixido por técnicos e políticos de tal xeito que as decisións nunca se puidesen tomar se consulta previa dos técnicos. Creación dunha oficina urbanística única para toda Galicia con 5 delegacións unha por cada núcleo urbano importante. No que os técnicos rotarían constantemente por sorteo e dotada dun sistema anticorrupción no que o promotor nunca ten a posibilidade de falar con máis de dous dos propios técnicos (modelo Británico).

2. Suprimiría o sistema burocrático de licenzas por un máis eficiente de seguros privados (modelo Británico), para impedir a corrupción e a lentitude no proceso. A maioría destes trámites téñense que facer por internet para axilizar o proceso de consulta á oficina de urbanismo.
3. Redacción de plans urxentes de protección das rías impedindo o urbanismo fora dos núcleos consolidados
4. Permitir unha forte variedade de propostas urbanísticas e edificatorias fomentando os concursos públicos nas redaccións dos plans parciais e nos tipos edificatorios. Trátase de crear uns plans parciais que definan moi ben as densidades, os espazos e as alturas e incluso acabados pero que deixen moita liberdade compositiva e saquen o máximo partido á beleza do noso entorno.
5. Clasificación de concellos divididos entre os de interese como conxunto patrimonial e os que xa están tan estragados que non compensa recuperar a súa forma orixinal. Nestes concellos poderán ensaiarse todo tipo de formas novas de urbanismo e construción arriscando máis para tentar de melloralos e facelos atractivos de novo.
6. Postura firme para impedir que os núcleos históricos como o de Santiago que son unha enorme fonte de ingresos se sometan a intereses particulares. Non se debe converter a zona vella de Santiago nun conxunto de inmobles de luxo valeiros como está a acontecer recentemente. A zona vella ten que ser atractiva para o visitante e iso implica que ten que estar viva. Exemplo de Edimburgo (festival de Agosto de Edimburgo) en contraposición a Bergamo (preciosa cidade preto de Milán especialmente aburrida e pouco atractiva para os turistas).
7. Plans rápidos de actuacións para impedir as construcións ilegais, as obras sen rematar (obrigatoriedade de ter a casa sempre pintada e adecentada por fora). Eliminación de edificacións especialmente as industriais espalladas no medio rural. Plans de rexeneración da vexetación autóctona nos sitios de interese turística como nas illas atlánticas. Concursos abertos a todo o mundo para atopar solucións estéticas contra o feísmo.